

P. CASTELAO, “Guieiro 196”: *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, nº 196 (xaneiro-febreiro 2016) 3-4.

www.encrucillada.es

Guieiro 196

O trato que unha determinada sociedade lle da ás persoas con discapacidade é un dos mellores indicativos do seu verdadeiro nivel de progreso e desenrolo. A economía non é a ciencia que busca o maior beneficio, senón a arte de xestionar recursos limitados. A política debera ser a encargada de asegurar que tal distribución se fai con xustiza e equidade. Non pode ser que, por un lado, quen defende a lei de dependencia (en favor de anciáns, enfermos e persoas discapacitadas), polo outro, legisle no tema da regulación da natalidade, co aborto euxeñésico, como se unha vida con discapacidade non merecese ser vivida. E ao contrario. Non se pode defender a capa e espada o dereito á vida das persoas con discapacidade e, ao mesmo tempo, legislar recortando axudas sociais ás persoas menos autónomas.

Encrucillada quere contribuír a este debate público sobre a consideración social das persoas con discapacidades con traballos fondos e serios que fuxan do tópico superficial ou da ideoloxización política irreflexiva. Ana Berástegui ofrécenos un estudo marco no que se narra o longo camiño da humanidade (dende Atapuerca) cara unha integración social en equidade e xustiza, con compoñentes xurídicos, filosóficos e sociolóxicos, das persoas con todo tipo de discapacidades. A meta está aínda lonxe, pero reconforta saber dos pasos firmemente consolidados.

Xosé Manuel Caamaño reflexiona sobre a discapacidade e a exclusión social centrándose agora no problema concreto que supoñen o últimos cambios legislativos verbo do aborto e, sobre todo, da imaxe social que reflicte tal concepción. O problema non é doado, é certo, e non se pode moralizar en abstracto. Agora ben, tampouco valen diagnósticos simplistas que se arrogan sen máis o adxectivo de progresistas dando por feito algo que non o é: o nacemento dun neno con discapacidade coma unha desgraza sen paliativos tanto para el como para a súa familia.

O impresionante testemuño persoal, que aquí publicamos, de María Luisa Fernández Vázquez sobre o seu fixo Ángel debera, cando menos, dar que pensar. O mesmo debera suceder co achegamento da man de Silvia Romeu á figura de Helen Keller. Recomendo sinceramente ao lector ou lectora que non perda a oportunidade de enriquecer criticamente a súa libre opinión sobre tales asuntos engadindo aos traballos conceptuais de principios estes estudos de vida e testemuño. As cousas vense de distinto xeito logo de achegarse á vida concreta e ao entorno real das persoas con discapacidade.

Xesús Carracedo e Luis Pose ocúpanse, desde un punto de vista bíblico e pastoral, da figura de Xesús en relación coas eivas, enfermidades e trastornos das persoas do seu tempo. Con suxestivos apuntamentos pastorais e con referencias ao recente maxisterio de Francisco van iluminando situacións actuais verbo da exclusión e do coidado.

Neste número tamén nos achegamos á importante figura de Jesús García Calvo, primeiro presidente de Cáritas Interparroquial e, tamén, primeiro presidente do Consello Reito da Cooperativa «Feiraco». Un home de fondas convicción crentes que puxo todo o seu talento profesional ao servizo dunha obra de revitalización do mundo rural galego.

O Documento da Paz deste ano está dedicado ao drama dos refuxiados e dos inmigrantes. É tal a actualidade desta traxedia que, desgrazadamente, non hai moito que engadir. O documento fala por si mesmo.

Nas Roldas de Cultura e de Igrexa dáse boa conta do profundo oco que deixan as mortes de Xosé Neira Vilas, Xosé Chao Rego e de Xosé Alvilares Moure. Tendo moi presente a figura literaria e cultural de Neira Vilas —Xaquín López Campo, membro do noso Consello, publicou xa unha preciosa carta a Balbino, o neno agora orfo— Encrucillada recorda especialmente a Chao Rego, da man de Daniel López e a Alvilares, coa axuda de Antonio García Santesmases.

A rolda política, os debuxos de Soedade Pite e algunha que outra recensión —todas ben interesantes— completan un número que, coma sempre, desexamos que sexa do voso agrado.

Pedro Castelao

